



**Alvin Pang**, nado en Singapur en 1972, é un poeta, escritor e editor que emprega o inglés na súa obra. Entre os seus libros cóntanse títulos como: *Testing the Silence (Sondeando o silencio)* de 1997, *City of Rain (A cidade da chuvia)* de 2003, *What Gives Us Our Names (Aquilo que nos dá os nosos nomes)* de 2011 e *Tumasik: Contemporary Writing from Singapore (Tumasik: escrita contemporánea de Singapur)* de 2009.

Foi bolseiro do Programa Internacional de Escritura Creativa da Universidade de Iowa en 2002. Así mesmo, resultou galardoado como Artista Novo do Ano de Singapur na categoría de literatura en 2005. Pouco tempo despois, en 2007, recibiu o Premio Nacional das Artes e a Cultura do seu país. Os seus poemas foron traducidos a quince linguas e ten feito parte de festivais e publicacións importantes de todo o mundo. Participou en representación de Singapur no Parnaso Poético que tivo lugar en Londres en 2012 como celebración paralela ás Olimpíadas. Os seus libros de poesía máis recentes viron a luz no estranxeiro: *Other Things and Other Poems (Outras cousas e outros poemas)*, publicado en Croacia; e *Waiting for the Barbarians (Agardando polos bárbaros)* publicado no Reino Unido pola editorial Arc, ambos os dous do 2012.

#### O QUE QUERO COMPARTIR

*Esta respiración, o aire que intercambiamos empúrrame ao teu colo sen que me poda negar. É por iso que te proba co mero feito de eu vivir.*

*Este devezo, o puxar da carne sobre a carne para taparlle á alma a súa nudez. A distancia que soportamos. Os mares que desafiamos para podernos encontrar.*

*Velaquí a pel que podas mallar con rabia ou con desexo. Velaquí as miñas mans, as súas dobras e as súas brechas despregando unha vida que ningún dos dous pode cambiar.*

*Estes dedos, as cousas que tocaron. Deixa que unha desas cousas sexas ti. Que eu devolva o teu nome a quen máis o deus esquecido.*



(ALVIN PANG)

Luns **20** de outubro  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

## POETAS DI(N)VERSOS



*Berta Dávila*



**Berta Dávila** (Santiago de Compostela, 1987) é narradora e poeta. Mestra de escola de formación, é autora dos libros de poemas *Corpo baleiro* (2007), *Dentro* (Premio Avelina Valladares, 2008) e *Raíz da fenda* (2013, Premio Johán Carballeira de poesía). Este último recibiu unha fulgurante acollida tanto por parte dos lectores (de xeito excepcional, esgotou a primeira edición no seu primeiro mes nas librarías e acadou a terceira en menos dun ano) como da crítica (obtivo o Premio Nacional da Crítica 2013 e o Premio da AELG ao mellor poemario de 2013).

No eido da narrativa, Dávila iníciase coa novela *Bailarei sobre a túa tumba* (Biblos, 2008), pola que foi merecedora do Premio Biblos de novela para novos narradores/as. Seguiulle o libro de relatos *A arte do fracaso* (2010), traducido posteriormente ao castelán e ao xaponés. En 2013 recibiu o Premio de Narrativa Breve Repsol pola novela *O derradeiro libro de Emma Olsen*, que acadou tamén os galardóns da Federación de Librarías e da Asociación Galega de Editores ao mellor libro de ficción e á mellor autora do ano respectivamente. A comezos do 2014 saíu á luz o primeiro traballo da autora para lectorado infantil, *A fuxida*, ilustrado por Inma Doval.

*O poema quere dicir,  
non foi unha malandanza. É algo que escollín  
eu. Algo que quixen.*

*O poema quere dicir iso:  
non procura un peso cosmogónico  
non fala porque non ten garganta  
non pretende nada.*

*Se soubese como,  
escacharía os signos igual que un ovo  
e levaría restos desas cascas  
sobre a lingua e  
contra a miña vontade.  
Iso é o que o poema quere dicir.*



(BERTA  
DÁVILA)

Luns **20 de outubro**  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS  
DI(N)VERSOS



*Alvin Pang*



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



Deputación  
DA CORUÑA